

MEDIDAS DE SEGURIDADE E HIXIENE

I CAMPUS DE TECNIFICACIÓN POST-COVID

- ▶ O Campus de Tecnificación organizarase no pavillón de O Burgo e na pista exterior do Colexio Isaac Díaz Pardo, tendo a entrada pola porta inferior que dá acceso aos vestiarios. Tódolos/as xogadores/as agardarán na porta, cinco minutos antes da súa sesión, a que o adestrador/a vaia a recibilos. Os/as xogadores/as estarán en todo momento con mascarilla ata que o adestrador/a o indique.
- ▶ Os xogadores/as se tomarán a temperatura antes de asistir a cada sesión. En caso de ter máis de 37 graos ou presentar síntomas relacionados co coronavirus non poderán asistir á sesión.
- ▶ Os adestradores/as estarán en todo momento e dirixirán as sesións con mascarilla e en ningún momento terán contacto cos xogadores/as inscritos.
- ▶ Os xogadores/as levarán o seu propio xel hidroalcohólico co que se desinfectarán as mans antes de comezar a sesión de traballo e xusto despois de rematar a sesión. Tamén traerán a cada sesión a súa propia botella de auga xa que non se poderá compartir.
- ▶ Cada xogador/a terá o seu propio balón durante toda a sesión. O traballo realizado será en todo momento un traballo individual físico e técnico sen colaboración entre xogadores/as e sen oposición.
- ▶ Ao finalizar cada sesión todo o material utilizado será desinfectado seguindo as medidas impostas polas autoridades.
- ▶ A ocupación máxima será de 25 persoas na pista incluídas os/as adestradores.
- ▶ Non se poderán utilizar os vestiarios salvo situacións de urxencias. Os xogadores/as asistirán preparados para realizar o traballo e abandonarán a instalación ao rematar o mesmo. Ademais se cambiarán ás zapatillas nas zonas habilitadas antes de poder entrar na pista e comezar a sesión. So se poderá utilizar a pista de xogo e as zonas comúns que dando prohibido o uso das gradas.
- ▶ Non poderá entrar na instalación ningunha persoa que non forme parte do Campus, nin familiares nin amigos/as.